

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de outubro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas do día vinte e cinco de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

2.(1317)- SENTENZA DO TSXG NO REC.APEL. Nº 199/2004 CONTRA SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, ESTIMATORIA DE R.C.A. INTERPOSTO POR D. FRANCISO J. GUTIERREZ ORUE CONTRA ACORDO PLENARIO SOBRE ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIGO DO ANO 2002. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 29.09.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Fallamos que con acollemento do recurso de apelación interposto contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo de 31 de marzo de 2004, debemos revogar e revogamos a mesma e no seu lugar, desestimamos integramente o recurso contencioso-administrativo formulado por DON FRANCISCO JAVIER GUTIÉRREZ ORÚE contra o acordo do Pleno do Concello de Vigo de 25 de marzo e 2002 polo que se aproba de forma definitiva o repuposto de dito Concello para o ano 2002 e se desestima a reclamación formulada polo recorrente en relación ao complemento de destino e específico

asignado ao posto de traballo que desempeña o recorrente, sen facer pronunciamento especial sobre as custas de esta alzada.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Persoal e Intervención.

3.(1318)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC.CASAC. Nº 4289/1999 CONTRA SENTENZA DO TSXG ESTIMATORIA PARCIALMENTE DE R.C.A. INTERPOSTO POR F.C.C. S.A. Y ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A. SOBRE ABOAMENTO DE CANTIDADES E RESTABLECEMENTO DE EQUILIBRIO CONTRACTUAL NA CONCESIÓN DA ORA. NON HA LUGAR AO RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 16.06.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo no recurso de referencia, interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza do TSXG de 4.03.99 pola que se estimaba parcialmente o r.c.a. interposto polas entidades FCC S.A. e Estacionamientos y Servicios S.A. contra acordo do Concello de Vigo relativo á denegación de solicitude de aboamento de cantidades e adopción de medidas para o restablecemento do equilibrio económico da concesión para a regulación de aparcamento en vías públicas. A Sala do Tribunal Supremo falla o seguinte:

Que non acollemos o único motivo a considerar, polo que declaramos non haber lugar á casación da Sentencia impugnada e debemos desestimar e desestimamos o presente recurso; con expresa imposición de custas ao Concello recorrente, se ben nos termos que se expresan no Fundamento de Dereito terceiro.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Contratación, Seguridade, Tráfico e Transportes e a Intervención Municipal.

4.(1319)- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA ACONDICIONAMENTO DE VIVENDAS. EXPTE. 10897/301.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 14.06.04, de conformidade co informe-proposta da xefa de Sección de Coordinación de Servizos Sociais, de 19.05.04, aprobou dúas axudas de emerxencia Social para acondicionamento de vivenda do ano 2004, a nome de D. Adolfo González Martínez e de D^a Angeles González Barcelo.

Con data 26.07.04 a Xunta de Goberno, de conformidade tamén co informe-proposta da xefa de Sección de Coordinación de Servizos Sociais, dado que as axudas son subvencionadas con aportación da Diputación Provincial era necesario especificar a obra que se iba a realizar e polo tanto acordou ampliar o primeiro punto do devandito acordo especificando as obras que se iban a levar a cabo e as contías para cada unha delas.

Por erro nos anteditos informes-proposta, unha das axudas aprobadas pola Xunta de Goberno con data 14.06.04 e 26.07.04 figura a nome de D. Adolfo González Martínez cando tiña que ser a nome de D^a M^a Carmen González Martínez, polo que a devandita traballadora social emite novamente informe-proposta, de 4.10.04, conformado polo xefe do Sector de Benestar Social e pola interventora xeral, propoñendo a súa corrección.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

- Aproba-las axudas de Emerxencia Social destinadas a familias con problemática socioeconómica para acondicionamento de vivendas por un importe total de 7.881,60 €, con cargo á partida 3130.48000000, que de seguido se indican:

<u>EXPTE</u>	<u>SOLICITANTE</u>	<u>DNI</u>	<u>IMPORTE</u>
16/30.497	M ^a Carmen González Martínez	35.917.313-F	881,60 €
11/30.403	Angeles González Barcelo	36.002.784-X	7.000,00 €

- M^a Carmen González Martínez: 881,60 € para outras obras, fontanería.
- Angeles González Barceló: 1.000,00 € para instalación eléctrica
3.000,00 € para cuarto de aseo
3.000,00 € para reformas interiores

5.(1320)- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 05/52723/04.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 13.10.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder a prestación do Servizo centro de día a D^a. Emilia Suárez Pérez.

6.(1321)- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/30493/04, 13/30900/04, 14/21055/04 E 41/30631/04.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a Argentina Vázquez Coutada. Expte. 14/20493/04.

- Mercedes Gomez Regueira. Expte. 13/30900/04.
- Josefa Estévez Blanco. Expte. 14/21055/04.
- Concepción Portela Fernández. Expte. 41/30631.

7.(1322)- BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN ESPECÍFICA PARA INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS. EXPTE. 11050/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 11.10.04, que di o seguinte:

Con data 02/08/04, a Xunta de Goberno Local aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración da Xunta de Galicia e o Concello para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención a inmigrantes e emigrantes retornados.

O Sr. Concelleiro-Delegado de Asuntos Sociais ordena a incoación de expediente necesario para a contratación do persoal que desenvolverá o programa.

A cláusula segunda do convenio establece que os medios persoais para elo son; un Licenciado/a en Dereito, un Diplomado/a en Traballo Social e un Auxiliar Administrativo.

Os gastos deste persoal para o exercicio 2004, por importe de 12.600 €, atenderase con cargo á partida que se asignará como consecuencia do expediente 11046-301, de modificación de créditos vía xeración, que se tramita paralelamente ante a Intervención Xeral. Para o exercicio 2005 deberá efectuarse similar operación no momento oportuno.

As Base que se achegan e que se someten á consideración da Xunta de Goberno Local contemplan –entre outras- as funcións, perfil, procedemento de selección, baremación, etc.

As condicións do contrato por obra ou servizo cunha duración ata o 31/12/05, vixencia do convenio, son as contidas no acordo da Xunta de Goberno Local de 31/05/04, sobre condicións socioeconómicas das contratacións e programas para realización de obras ou servizos de interese xeral.

Tralo exposto, á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:

1º- Aprobado as bases para a selección do equipo para o desenvolvemento da oficina de información e atención específica para inmigrantes e emigrantes retornados.

2º- As condicións do contrato, con duración ata o 31/12/04, regúlanse polo acordo da Xunta de Goberno Local de 31/05/04.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente.

O devandito informe está conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e pola e interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

1º- Aprobar as bases para a selección do equipo para o desenvolvemento da oficina de información e atención específica para inmigrantes e emigrantes retornados, que de seguido se transcriben.

2º- As condicións do contrato, con duración ata o 31/12/04, regúlanse polo acordo da Xunta de Goberno Local de 31.05.04.

BASES PARA A SELECCIÓN DO EQUIPO PARA O DESENVOLVEMENTO DA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN ESPECIFICA PARA INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS

1) DURACIÓN DAS CONTRATACIÓN:

Por servizo ata o 31.12.05, vixencia do Convenio de colaboración específico coa Xunta de Galicia, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/08/04

2) POSTOS DE TRABALLO

- 1 LICENCIADO/A EN DEREITO .
- 1 TRABALLADOR/A SOCIAL
- 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

3) FUNCIONES E PERFIL REQUIRIDO

- 1 LICENCIADO/A EN DEREITO
 - *Funcións: Información e asesoramento en temas legais a persoas estranxeiras e emigrantes retornados sobre a súa condición, tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar e todo tipo de trámites administrativos que este colectivo precise.*
 - *Perfil:*
 - Imprescindible:*
 - Licenciatura de Dereito*
 - Exercicio profesional durante dous anos*
 - Coñecementos de inglés ou francés e Galego*
- 1 DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL

- *Funcións: información e asesoramento en temas sociais, prestacións, educativas o sanitarias, de integración socio-laboral, etc., a persoas na súa condición de inmigrantes ou emigrantes retornados así como a valoración social do feito migratorio e derivación ós servizo correspondentes.*

- *Perfil:*

Imprescindible:

- Diplomatura en Traballo social*
- Experiencia de traballo no ambito dos servizos sociais durante dous anos*

Valorarase:

- Informática, internet.*
- Coñecementos de inglés, francés.*
- Galego*

➤ **1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

- *Funcións: Apoiala xestión administrativa do programa, atención ó publico usuario dos servizos*

- *Perfil:*

Imprescindible:

- Mínimo FP I rama administrativa ou equivalente.*

Valorarase:

- Inglés/francés falado e escrito*
- Nivel alto en informática (procesador de textos, bases de datos, folla de cálculo internet.*
- Experiencia demostrada en atención ó público.*

4) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

- *Concurso de méritos* entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.

- *Os/as candidatos/a interesados/ presentarán o seu Currículum acreditado segundo o punto 6 destas bases.*
- *Para acreditar a experiencia laboral presentarse orixinal ou fotocopia da vida laboral, certificado de colexio oficial, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.*
- *Para acreditar a titulación ou formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.*
- *Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.*
- *Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á proba escrita, reclamaráselles a presentación do orixinal da vida laboral e fotocopias compulsadas do resto das acreditacións. (A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo).*

- Proba escrita específica e entrevista persoal ante a Comisión de Selección. Esta decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a esta fase.

A proba escrita consistirá no desenvolvemento polos aspirantes dun dos temas, elexidos ó azar, que se sinalan a continuación por espacio máximo dunha hora.

Temas:

Licenciada/o en Dereito:

- *A Constitución española de 1978: principios constitucionais. Dereitos fundamentais e liberdades públicas na nosa Carta Magna, a súa protección xurisdiccional.*
- *O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e análise do seu contido.*
- *A Unión Europea: nacemento e fases da súa evolución. O tratado da Unión Europea. As institucións da Unión Europea.*
- *O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados. Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrucción e finalización.*
- *A organización municipal. Distribución de atribucións entre os órganos municipais.*
- *Competencias municipais e servicios obrigatorios nas corporacións locais. Actividades complementarias doutras administracións públicas.*
- *Marco legal da inmigración. Antecedentes e regulación actual.*
- *Dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.*
- *Tipos e réxime xurídico de visados, situacións de estancia ou residencia e autorizacións para traballar.*

Traballador/a Social:

- *Lei de servicios sociais de Galicia.*
- *Niveis de atención: servicios especializados. Programas e equipamentos.*
- *Convenio de colaboración entre as Administracións públicas en materia de Servicios Sociais.*
- *Servicios sociais centralizados: o Departamento municipal de Servicios Sociais.*
- *Metodoloxía de investigación en traballo social.*
- *Programas e prestacións específicos para emigrantes retornados.*
- *Programas e prestacións específicos para inmigrantes.*

Auxiliar Administrativo/a

- *A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A coroa. Os poderes do Estado: a división de poderes.*
- *O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.*
- *O procedemento administrativo: principios xerais e fases.*
- *Réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. O municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Breve referencia á provincia. A súa organización e competencias. Organización municipal. Competencias.*
- *Proba de coñecementos a nivel usuario de entornos operativos windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (ms office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos entornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o tribunal.*

A puntuación máxima da proba escrita e entrevista será de 6 puntos cada unha, que se sumarán á puntuación obtida na fase de concurso de méritos.

A Comisión de Selección estará composta polos seguintes membros:

- Concelleiro-Delegado del Area de Asuntos Sociais que exercerá de Presidente.
- Dous Técnicos de Concello, dos que un actuará de Secretario.
- Un representante da Consellería de Emigración da Xunta de Galicia.
- Un representante do Comité de Empresa do Concello de Vigo.

5) CRITERIOS DE BAREMACIÓN

- 1º Titulación 0,5 puntos.
- 2º Experiencia laboral ou profesional: 0,1 ptos por mes (máximo 3 ptos).
- 3º Galego (titulación oficial): Curso de Iniciación: 0,25 ptos; Perfeccionamento: 0,25 ptos; Linguaxe administrativa galega: 0,25 ptos por cada curso, ata un máximo de 1 pto.
- 4º Inglés/francés: (Certificado de escola oficial de idioma ou equivalente) 0.25 ptos. por curso ata un máximo de 1 punto.
- 5º Informática:(coa mesma puntuación que no punto 3º), ata un máximo de 1 pto. (cando sexa valorada de acordo co perfil)
- 5º Outros méritos: ata un máximo de 0,5 pto. (cando sexa valorada de acordo co perfil)

6) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- Prazo: 5 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio.
- Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido á Comisión de Selección do programa oficina de migracións, Departamento de Asuntos sociais .
- Horario de entrega: de 9:00 a 13:00 horas.
- Documentación a entregar: Instancia solicitando participar no proceso de selección definindo o posto ao que opte, Currículum Vitae, orixinal ou fotocopia da vida laboral, fotocopia das acreditacións e do DNI (entregarase instancia, Currículum Vitae, orixinal ou fotocopia da vida laboral, fotocopia das acreditacións e do DNI por cada posto ó que opte).

(Máis información nos teléfonos 986 810100, Ext 1215 ou nas dependencias da Concellería de Asuntos Sociais planta baixa da Casa do Concello-, onde tamén poderán recollerse as bases do proceso de selección).

8.(1323)- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE NOVAS SUBVENCIONS DA XUNTA DE GALICIA AO ABEIRO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA- CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2004. EXPTE. 2249/77.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 14.10.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

No marco dos Programa de Cooperación que a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais establece na Orde do 5 de febreiro de 2004 (que regula as axudas e subvencións para o fomento do emprego polas entidades locais, subvencionando en parte a contratación polas Corporacións Locais de traballadores desempregados para a execución de obras e servizos de interese xeral e social), a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo solicitou subvención para a realización dos proxectos aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de marzo de 2004 (expediente nº 2249/077; achégase copia do acordo). A Xunta de Galicia, a través da Delegación provincial da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, concedeu mediante Resolucións de data 18/06/04 subvencións para o desenvolvemento de dous dos proxectos presentados (“Conservación de zonas verdes” e “Actuacións de mellora e mantemento urbano”), expedientes dos que xa se deu conta á Xunta de Goberno local con data 29/06/04.

Agora, mediante fax de data 13/10/04, a mesma Delegación provincial, remite novas Resolucións concedendo subvención para o desenvolvemento dos proxectos “Axardinamento e recuperación de zonas verdes” e “Mellora de accesos de instalacións deportivas”, especificando que as obras deberán iniciarse con data tope o 31/10/04. Estas Resolucións consisten nas seguintes subvencións:

Denominación do proxecto	Subvención concedida	Traballadores	Duración (meses)
Axardinamento e recuperación de zonas verdes	86.641,68	1 licenciado, 11 oficiais; 6 peóns	6
Mellora de accesos de instalacións deportivas	37.990,56	4 oficiais; 4 peóns	6
TOTAL	124.632,24		

Aplicando o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, asinado o pasado 7/06/04 entre o Goberno municipal e os sindicatos CC.OO, UGT e CIG, e vixente na actualidade, a cofinanciación por parte do Concello necesaria para realizar estas contratacións será como pode verse na seguinte táboa:

Denominación do proxecto	Subvención concedida	Custos totais estimados segundo Acordo de aplicación	Cofinanciación necesaria
Axardinamento e recuperación de zonas verdes	86.641,68	108.079,14	21.437,46
Mellora de accesos de instalacións deportivas	37.990,56	47.599,44	9.608,88
TOTAL	124.632,24	155.678,58	31.046,34

Deste xeito, desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego estanse a dar os pasos necesarios para iniciar os correspondentes expedientes de xeración de crédito relativos á subvención aprobada, modificación de crédito necesaria, así como no referido ó procedemento de selección dos participantes (recollido no Expte 2373/077 “Procedemento de selección de beneficiarios/as Programas de Cooperación 2004”, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 14/06/04).

O que se comunica á Corporación municipal para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

9.(1324)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A COORGANIZACIÓN DAS VI XORNADAS DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAIS GALEGAS. EXPTE. 1221/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, conformado polo concelleiro de Festas, pola interventora xeral e coa conformidade xurídica de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio que se achega no expediente entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc, para a coorganización das "VI Xornadas de Música e Danza tradicionais galegas".

2º.- Aprobar as bases das citadas xornadas e que figuran como anexo I do citado convenio.

3º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

4º.- Autorizar un gasto por un importe total de 18.000.-€, con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, para facer fronte ao estipulado no convenio e que se aboará á asociación cultural "Interfolc", CIF G-36892271.

5º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A COORGANIZACIÓN DAS VI XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS

Vigo, o XXXXXXXX de outubro de dous mil catro.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. EMILIO SOTELINO DOMARCO, NIF 35.940.889-P, PRESIDENTE e en representación da entidade denominada ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CIF G-36892271, e con enderezo en Vigo, rúa Tomás A. Alonso, núm 29, 5º esquerda, CP 36208; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que no ano 1999 as asociacións folclóricas fundadoras da Asociación Cultural Interfolc trasladaron ao Concello de Vigo o seu interese en organizar e recuperar as " Xornadas de danza e música tradicionais galegas", que se viñan

realizando na cidade de Santiago de Compostela, baseándose na importancia da nosa cidade no terreo do folclore popular e tendo en conta que aglutina a un elevado número de grupos en constante desenvolvemento.

2. Que o Concello de Vigo está interesado en potenciar o folclore popular entre todas e todos os seus cidadáns, mediante programacións que contribúan ao seu desenvolvemento, tanto no centro da cidade como polos seus distintos barrios.

3. Que as xornadas veñen tendo lugar dende o ano 1999 con enorme éxito, tanto dende o punto de vista organizativo como de participación de grupos de toda Galicia.

Dado o enorme interese do anteriormente exposto, o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é formalizar a relación entre o Concello de Vigo e maila Asociación Cultural Interfolc para a coorganización das VI Xornadas de danza e música tradicionais galegas, que se desenvolverán os días 6, 7 e 21 de novembro, a partir das 20'00 horas, no Centro Cultural Caixanova. Así mesmo, terá lugar previamente un festival a modo de presentación das xornadas no que tomarán parte as entidades agrupación folclórica "Lembranzas Galegas", asociación folclórica "Corisco", gaiteiros da "Xistra" de Coruxo e a Escola Municipal de Danza, o día 24 de outubro, ás 20'00 horas, no citado centro cultural.

SEGUNDA.- O orzamento xeral da programación, organización e execución deste convenio con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o detalle presentado pola ENTIDADE, e que figura no anexo II do presente convenio, ascende a un total de 18.000.-€, que serán aplicados á partida 451.2.227.06.02 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado.

TERCEIRA.- Os espectáculos incluídos nas xornadas serán destinados ao público en xeral, e o seu acceso será público e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do recinto do Centro Cultural Caixanova, para o que A ENTIDADE realizará as oportunas invitacións; o fórmula para o seu reparto decidirse de mutuo acordo.

CUARTA.- As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ao Concello de Vigo son as seguintes:

- 1. Ocuparse de todo o referente á organización, realización e execución das xornadas.*
- 2. Xestionar directamente todo o referente aos grupos folclóricos participantes nas xornadas, así como da selección das 12 agrupacións de entre todas as solicitudes de inscrición recibidas.*
- 3. Contratar ao seu cargo todos os elementos necesarios para o desenvolvemento das xornadas: material gráfico, diplomas e medallas.... De todos modos, deberán presentar as probas dos distintos elementos gráficos para obter a conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural antes da súa edición definitiva.*
- 4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento das xornadas.*
- 5. Asumir todos os gastos que se deriven da programación, realización e execución das xornadas, incluídos os referentes aos dereitos de autor, seguros de responsabilidade civil e calquera outro necesario para o seu bo desenvolvemento. Así mesmo, serán os únicos responsables de realizar os pagamentos ás agrupacións*

participantes, segundo o estipulado nas bases de inscrición en concepto de premios e de gastos de transporte.

6. Presentar a memoria-avaliación do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos quince días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados, que acompañarán as facturas ou recibos xustificativos destes.
7. Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.
8. Incluír o logotipo da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural en calidade de patrocinador en todo o material gráfico que se realice para as xornadas, así como en toda a difusión aos medios de comunicación que delas se realice. A presentación oficial das xornadas xestionará a citada concellería.

SEXTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo respecto á ENTIDADE son as seguintes:

1. Achegar a cantidade total de 18.000.-€, para a organización e realización das xornadas.
2. Xestionar a reserva do Centro Cultural Caixanova para a realización das xornadas e do festival inaugural, nas datas indicadas.

SÉTIMA.- As xornadas rexeranse polas bases de participación que se acompañan como anexo I do presente convenio.

OITAVA.-O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a ENTIDADE e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.

NOVENA.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

1. Un primeiro pagamento de 12.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0100 01 0000092044 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 5 de novembro, trala conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.
2. Un segundo e derradeiro pagamento por un importe de 6.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, nos quince días hábiles seguintes á finalización das xornadas, trala conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ao seu desenvolvemento xeral e á acreditación mediante facturas orixinais de incorrer na totalidade dos gastos que conforman o orzamento que figura como anexo II do convenio.

En caso de que acontecese algún tipo de incidencia no referente ás obrigas da ENTIDADE, o Concello de Vigo realizaría os descontos que correspondan segundo a súa repercusión.

DÉCIMA.- Toda a información sobre as xornadas, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2004. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Concello de Vigo e a entidade asinante non asumen ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles incidencias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e bo desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.

ANEXO I

BASES

“ VI XORNADAS DE DANZA E MÚSICA TRADICIONAIS GALEGAS”

- 1. A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo organiza, en colaboración co asociación cultural “Interfolc”, as VI Xornadas de Danza e Música Tradicionais Galegas, que terán lugar no teatro-sala de concertos do Centro Cultural Caixanova, os días 6, 7 e 21 de novembro, a partir das 20'00 horas.*
- 2. Nestas xornadas poderán inscribirse todas aquelas agrupacións de danza e música galegas que o desexen e que pertencen a unha entidade legalmente constituída, sen ánimo de lucro. O grupo terá obrigatoriamente un mínimo de seis parellas mixtas no escenario, e os seus compoñentes deberán ser maiores de 15 anos. Neste sentido o xurado poderá requirir a presentación dalgún documento de identificación de calquera das persoas participantes.*
- 3. A solicitude de inscrición poderá realizarse ata as 13 horas do día 22 de outubro; cubrirase o impreso que poderán solicitar na Escola Municipal de Danza do Concello de Vigo, en horario de luns a venres, de 10 a 12 horas e os xoves de 19'00 a 22'00 horas. As solicitudes poderán entregarse persoalmente ou ben remitilas por correo ou fax á citada escola (praza do Rei, s/n; CP 36202; teléfono/fax: 986.81.01.67; correo: escola.danza@vigo.org). Non se admitirá ningunha solicitude que se reciba con posterioridade á hora e data indicadas, calquera que sexa o motivo do atraso.*
- 4. O comité organizador das xornadas seleccionará entre todas as solicitudes recibidas un total de 12 agrupacións; teranse en conta os seguintes criterios: calidade do grupo, experiencia nacional e internacional, participación noutros certames ou festivais, premios obtidos, número de compoñentes... O día 6 de novembro actuarán seis agrupacións e o 7 outras seis. O día 21 terá lugar a final das xornadas.*
- 5. As agrupacións participantes comporanse necesariamente de corpo de baile e grupo de acompañamento, e*

vestirán todos eles o traxe rexional. Ningún bailarín ou grupo de acompañamento poderá tomar parte nas xornadas con máis dunha agrupación; este será motivo de descualificación para as agrupacións implicadas.

- 6. Cada agrupación seleccionada bailará dúas danzas, cunha duración máxima de 5 minutos cada unha delas, e que deberán indicar no impreso de solicitude de inscrición, xunto co seu historial completo e detallado; non poderán ser cambiadas sen consentimento do comité organizador. As agrupacións que se clasifiquen para a fase final deberán cambiar unha das pezas obrigatoriamente.*
- 7. A orde de actuación das doce agrupacións seleccionadas decidirse mediante sorteo público (ao que poderá asistir un representante por cada grupo) que se realizará o martes 26 de outubro, ás 12'00 horas, na Casa do Concello.*
- 8. O xurado das xornadas será designado polo comité organizador e estará presidido polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue. Como vocais actuarán catro persoas de recoñecido prestixio, relacionadas co mundo da danza e da música tradicionais galegas. Como secretario/a actuará un/unha funcionario/a municipal designado/a polo comité organizador, con voz e sen voto.*
- 9. O xurado valorará de 0 a 10 puntos a cada agrupación, e terá como base fundamental os seguintes criterios: calidade artística dos bailaríns, grao de dificultade e autenticidade das danzas interpretadas e do vestiario utilizado, valor interpretativo do grupo de acompañamento. Será motivo de descualificación excederse dos cinco minutos establecidos para cada danza na base número 6.*
- 10. O veredicto do xurado farase público ao remate da segunda xornada, e pasarán á fase final as seis agrupacións que obteñan maior puntuación e que volverán actuar con dúas danzas, o día 21 de novembro, e seguirán rigorosamente a orde inicial. En caso de empate resolverá o voto de calidade da presidencia do xurado.*
- 11. Os premios establecidos polo comité organizador son os seguintes:
1º premio: 1.500.-€, medalla e diploma.
2º premio: 900.-€, medalla e diploma.
3º premio: 600.-€, medalla e diploma.
4º premio: 300.-€, e diploma
5º e 6º premio: diploma.
Premio especial de 150.-€, e diploma ó mellor bailarín.
Premio especial de 150.-€, e diploma á mellor bailarina.
Premio especial de 180.-€, ó mellor grupo de acompañamento.*

Os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que sexa de aplicación. O comité organizador aboaraos, mediante transferencia bancaria, nos quince días hábiles seguintes á final das xornadas, así como os gastos de desprazamento. Co obxecto de realizar estes pagamentos, as agrupacións deberán achegar obrigatoriamente á solicitude de inscrición, unha fotocopia compulsada do CIF e unha certificación bancaria.

- 12. O veredicto final do xurado farase público tras a actuación das seis agrupacións finalistas e da correspondente deliberación. A continuación entregaranse os premios.*

13. O comité organizador aboaralle a cada agrupación participante de fóra do termo municipal de Vigo a cantidade de 240.-€, en concepto de gastos de desprazamento, e 120.-€, no caso das agrupacións da cidade. Así mesmo, aboaráselles estas mesmas cantidades de novo ós seis finalistas.
14. A organización das xornadas declina calquera responsabilidade sobre os posibles accidentes ou danos que os participantes poidan sufrir durante a súa participación.
15. A mera solicitude de inscrición nas xornadas supón a aceptación plena das presentes bases. Así mesmo, os veredictos do xurado serán inapelables.
16. O comité organizador e o xurado quedan facultados para resolver as posibles controversias ou dúbidas que poidan xurdir na interpretación das presentes bases, así como para tomar iniciativas que contribúan ao bo desenvolvemento das xornadas.

10.(1325)- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DO MODELO OFICIAL DOS CARNÉS DE E BASE DE DATOS DE LICENZAS E INSCRICIÓN DE ANIMAIS CONSIDERADOS POTENCIALMENTE PERIGOSOS. EXPTE. 2888/306.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico Supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 13.10.04, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente, que di o seguinte:

A lexislación aplicable para os animais considerados potencialmente perigosos é a seguinte:

- ✓ *Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.*
- ✓ *RD 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.*
- ✓ *Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros Galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos.*

A comunidade autónoma galega ten a potestade de definir e catalogar os animais considerados potencialmente perigosos, segundo se recolle en informe xurídico motivado do asesor xurídico da Consellería de Medio Ambiente, de data 27 de agosto de 2002, do que se achega copia. Polo tanto, nesta comunidade, aplicarase a definición do artigo 2 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

Entre as competencias dos concellos no referente á lexislación de animais potencialmente perigosos cabe destacar a tramitación e expedición das licenzas municipais, tramitación e rexistro de animais potencialmente perigosos e actualización e remisión dos datos do rexistro á Consellería de Medio Ambiente.

A expedición da licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos e a inscrición do animal no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos son dous procedementos diferentes, con orde cronolóxico diferente, e que deben iniciarse por separado e sempre a solicitude do interesado. Primeiro o interesado solicita a expedición da licenza municipal no seu concello de residencia. No prazo de quince días a partir da obtención da licenza, o propietario solicitará a inscrición do animal no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, do concello de residencia do animal.

Na tramitación da licenza municipal e da inscrición do animal, trala verificación da documentación precisa para a mesma (véxase solicitudes de licenza e inscrición que se acompañan), o Técnico Supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo emite o corresponde Informe Proposta ao Concelleiro delegado de Medio Ambiente, que resolverá outorgar ao interesado a preceptiva licenza municipal cun número de orde cronolóxico e inscribir ao can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Unha vez concedida a licenza e inscrito o animal farase entrega ao interesado da copia das resolucións e dun carné que deberá levar consigo cando pasee ao seu can pola rúa e lugares públicos. Asemade, o Concello remitirá os datos do rexistro á Consellería de Medio Ambiente para incluír no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos consonte o establece o artigo 4.3 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

Actualmente, estase a tramitar os carnés dos posuidores de cans que xa obtiveron licenza municipal e inscribiron ao animal no rexistro, datas que van dende o 2 de xullo do 2002 ata a data actual, e que supoñen un total de 160 licenzas e un número de 167 cans potencialmente perigosos inscritos no Concello de Vigo. Achégase copia dos listados actualizados.

Á vista dos feitos expostos e consonte a lexislación na materia, emítense a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

- 1º. Aprobación do modelo oficial do carné de “Licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos” e do carné de “Inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos”, segundo o exemplar que se acompaña acorde ao esixido no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.*
- 2º. Aprobación da base de datos do Concello de Vigo sita na ubicación informática: Unidade Z/Carpeta Animales/Bdanimales, como o “Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos”.*

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar o modelo oficial do carné de “Licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos” e do carné de “Inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos”, segundo o exemplar que se acompaña no expediente acorde ao esixido no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro.

2º.- Aprobar a base de datos do Concello de Vigo sita na ubicación informática: Unidade Z/Carpeta Animales/Bdanimales, como o “Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos”.

11.(1326)- ADXUDICACIÓN A AUTODESGUACES VIGO DA RETIRADA DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA QUE SE ATOPAN NO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID. EXPTE.70168/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 19.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se atopan no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg , debendo retira-

los no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que secciona-lo bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

EXPEDIENTE : 9 / 2001

C-7191-BZ	TATA GRAN TELCOSPORT
PO-2413-BG	CITROEN XSARA 1.6
PO-7061-BH	PIAGGIO SKIPPER
PO-3479-BS	SUZUKI GS 500
PO-9051-BT	NISSAN PRIMERA

EXPEDIENTE : 2 / 2004

PO-7316-H	LAND ROVER 88 DIESEL
-----------	----------------------

EXPEDIENTE : 6 / 2004

068196	PIAGGIO NRG
A-9159-BU	RENAULT R-9 GTD
BI-5446-BF	CITROEN C - 15 RD
C-5375-AK	PEUGEOT 405
C-6414-AK	CITROEN BX
C-8670-BDK	HONDA SFX 50
C-1490-BFT	PIAGGIO ZIP AGUA
C-5192-BGK	PIAGGIO NGR F L
C-1406-BJX	PEUGEOT BUXY
C-9896-BJX	YAMAHA CY 50
C-3634-BLH	KYMCO HEROISM 50
C-5632-BLN	PIAGGIO ENERGY
C-9729-BNL	PIAGGIO ZIP BASE MY
C-3969-BNX	PIAGGIO NGR MC 3
J-4951-P	FIAT UNO TURBO I.E
LU-6252-E	RENAULT R-5 GTL
LU-7841-M	ROVER 114
M-5319-NY	V.W. GOLF GTI

OR-1041-I	EBRO L 60 1
PM-3647-AF	TALBOT SAMBA LS
PO-5020-W	RENAULT R-11
PO-4791-X	V.W. POLO
PO-8306-X	PEUGEOT 205 GR
PO-5434-Y	ROVER STERLING
PO-8676-Z	RENAULT R-11
PO-5123-AB	SEAT MARBELLA
PO-5468-AB	RENAULT R-5 GT TURBO
PO-9757-AG	RENAULT R-19
PO-1992-AJ	LADA SAMARA 2109
PO-9222-AP	PEUGEOT 106 XN
PO-3420-AU	FORD COURIER 1.8 D
PO-0996-AW	FIAT TIPO 1.4
PO-5828-BD	PIAGGIO SKIPPER 150
PO-7672-BJ	PIAGGIO SKIPPER LXT
PO-7820-BJ	CITROEN BX 1.9 D
Z-4654-AL	PEUGEOT 205 WINNER

EXPEDIENTE : 7 / 2004

-0893-BJJ	CHASIS DE YAMAHA YN
-9125-BZN	CITROEN SAXO
B-7181-MJ	RENAULT CLIO 1 2
BI-2730-W	RENAULT R-18
C-6872-AH	MERCEDES BENZ MB 140
C-2220-AS	CITROEN C-25 D 1400
C-3144-BBB	YAMAHA CW 50RSP
C-6214-BBJ	APRILIA SONIC 50
C-4053-BCV	PGO COMET 50
C-2216-BFN	PIAGGIO ENERGY MC2
C-6944-BFV	PIAGGIO TYPHOON
C-3984-BFX	BENELLI 491 RACING
C-2930-BFY	PIAGGIO ZIP BASE MY
C-5489-BGC	YAMAHA YA 50 M
C-0658-BGZ	YAMAHA YA 50 S
C-4890-BHP	PIAGGIO ZIP AGUA
C-4944-BHP	PIAGGIO ZIP AGUA
C-6372-BJG	DERBI PREDATOR
C-4793-BJK	PIAGGIO TYPHOON 50
C-6329-BJV	PIAGGIO ZIP MY 96

C-9921-BJX	PIAGGIO ZIP BASE MY
C-3502-BKM	YAMAHA CY 50
C-6514-BKY	PIAGGIO TYPHOON 50
C-3222-BLF	PIAGGIO ZIP AGUA
C-5912-BLV	DERBI GPR 50
C-1747-BMB	PIAGGIO ZIP BASE MY
C-6751-BNC	PIAGGIO ZIP BASE MY
C-3844-BNG	GILERA RUNNER 50
C-7226-BNP	PEUGEOT TREKKER
C-7706-BNV	YAMAHA YQ 50
C-7195-BPC	MBK CS - 50
LE-2034-K	RENAULT R-11 TSE
M-0049-GZ	CITROEN BX 1.6 TRS
M-2261-HD	RENAULT R-21 TXE
M-2261-IG	PEUGEOT 205 GR
M-5406-JX	PEUGEOT 205 JUNIOR
M-5863-KD	B.M.W. 528 I
M-3568-KW	RENAULT R-5 FIVE
OR-0331-K	FORD ORION 1.6 I
PM-3652-AY	RENAULT R-5 FIVE
PO-2647-P	FORD ESCORT 1.3
PO-9768-P	FORD FIESTA 957
PO-8990-U	RENAULT R-11 TSE
PO-0219-W	V.W. GOLF 1.8
PO-6110-Z	SEAT IBIZA 0.9
PO-3103-AB	RENAULT R 21 GTS
PO-7159-AC	FORD TANSIT
PO-6551-AD	RENAULT R-21
PO-6798-AG	FORD ESCORT 1.6
PO-7139-AK	OPEL CORSA 1.2
PO-3181-AL	V.W. GOLF 1.6
PO-8401-AL	V.W. POLO 1.05
PO-1543-AN	PEUGEOT SCOOTER SX
PO-6613-AP	SEAT IBIZA 1.2
PO-7488-BF	KYMCO ZING 125
VIG-11379-	PIAGGIO NGR MC2

EXPEDIENTE : 8 / 2004

M-2972-KV	FORD FIESTA
PO-8696-AG	PEUGEOT 309

TOTAL VEHÍCULOS: 100.

12.(1327)- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DOS SERVIZOS PÚBLICOS DA REDE SEMAFÓRICA DA CIDADE. EXPTE. 17095/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.09.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e pola interventora xeral, que di o seguinte:

D. Esteban Marsillach Daunis, en representación da empresa UTE Esycsa- Etra, adxudicataria do concurso convocado para a contratación do servizo de ampliación substitución, mantemento, conservación, reparación, subministración, instalación e explotación das instalacións de regulación, control e información de tráfico de vehículos e circulación de peóns na rede viaria e prestacións de servizos complementarios do Concello de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato.

O fundamento da petición da revisión do prezo contractual aparece recollida na cláusula V do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, e no mesmo recóllese a posibilidade da mesma unha vez transcurra un ano do prazo contractual, e realizarase pola aplicación o prezo de adxudicación do incremento do índice de prezos ó consumo da anualidade inmediata anterior o prezo de revisión.

O contrato do servizo de subministración, mantemento e conservación da rede viaria foi adxudicado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión celebrada o 28 de abril de 2003, descompoñéndose o prezo total da adxudicación nos seguintes importes:

- *Mantemento, conservación e reparación: 1.258.657,50 euros.*
- *Subministración e instalación para a renovación de equipos e instalacións segundo plan establecido no prego de precripcións técnicas: 465.262,50 euros.*
- *Remodelación e ampliación de instalacións por importe fixo de 150.253,50 euros.*
- *Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula I.4 do prego de precripcións xurídicas, económicas e administrativas, polo importe de 41.156,33 euros.*

A cada un dos anteriores importes que compoñen o prezo total deberáselle aplicar o incremento do IPC do periodo abril de 2003/abril de 2004, que segundo información facilitada polo instituto Nacional de estadística foi de 2,7%, resultando un prezo total revisado de 1.967.043,22 euros, sendo os importes parciais os que a continuación se recolle no contido da proposta feita a Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto, previo informa da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

Prestar aprobación á revisión de prezos solicitada pola empresa UTE ESYCSA- ETRA, “Equipos de señalización y Control, S.A.”/“Electric Trafic, S.A.”, do contrato dos servizos públicos da rede semafórica da cidade, establecendo o mesmo, a partir do 1 de maio de 2004, na cantidade de 1.967.043,22, sendo os importes parciais os seguintes:

- *Mantemento, conservación e reparación 1.292.641,25 euros.*

- *Subministración e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo plan establecido no prego de prescricións técnicas 477.824,59 euros.*
- *Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 154.309.83 euros/ano.*
- *Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula I.4 do prego de cláusulas administrativas 42.267,51 euros.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

13.(1328)- ADXUDICACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXPENDEDORES DE TIQUES PARA A REGULACIÓN DOS APARCAMENTOS NAS VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS. EXPTE. 17066/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 22.09.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior, o concelleiro de Movilidade e Seguridade e pola interventora xeral, que di o seguinte:

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o 23 de decembro de 1989, acordou, adxudicar a entidade mercantil “Fomento de Construciones y Contratas, S.A. y Estacionamientos y Servicios, S.A.”, ol concurso para a concesión e explotación de expendedores de tiques para regulación dos aparcamentos nas vías públicas municipais.

Segundo os pregos de cláusulas administrativas e Condicións técnicas que rexeron o concurso, o contrato tería a duración de dez anos, contados a partir da data de notificación do acordo de adxudicación, sendo prorrogable automaticamente por anualidades ata un máximo doutros cinco anos, agás que se denuncie por calquera das partes con seis meses de antelación ao seu vencemento.

Segundo antecedentes que constan no expediente de contratación a notificación da adxudicación de dita contratación foi recibida a finais de decembro de 1989, polo que a data de inicio do contrato computará a partir do 1 de xaneiro de 1990, polo que o vencemento definitivo da contratación terá o seu vencemento o próximo 1 de xaneiro de 2005.

Por parte do Xefe do Servizo de Seguridade e Movilidade remite escrito a este servizo de Patrimonio e Contratación, no que propón que se inicie un expediente de contratación por procedemento negociado e coas mesmas condición que rexeron na contratación que vence o vindeiro 1 de xaneiro de 2005, xa que a complexidade do proceso de incorporar novas tecnoloxías o deseño de ámbitos diferentes de zonas de estacionamentos, prevese que a nova adxudicación non esté feita o vindeiro 1 de xaneiro de 2005, propoñendo que o prazo desta contratación sexa ata o 30 de xuño de 2005, ou en todo caso ata que se produza a nova adxudicación do servizo.

A xustificación da contratación da concesión e explotación de expendedores de tiques, tal como se manifesta no informe do Interventor Acctal. De data 21 de setembro do presente ano poderíase atopar no apartado d) do artigo 159 do real decreto legislativo 2/2000, ao cumprirse o prazo e a contratación que se pretende levar a cabo non comporta gastos de primer establecemento, xa que as maquinas coas que se vai prestar o servizo xa están instaladas e amortizadas, resultando a adxudicación a outra empresa perxudicial para a prestación do mesmo a adxudicación

deste a outra empresa que non fora a que actualmente está prestando o servizo: “ Fomento de Construciones y Contratas, S.A., y Estacionamientos y Servicios, S.A.”.

Polo exposto, proponse a Xunta Local de Goberno, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Adxudicar a empresa “Fomento de Construciones y Contratas, S.A., y Estacionamientos y Servicios, S.A.”, por procedemento negociado, a concesión para explotación do servizo de expendedores de tiques para a regulación dos aparcamentos nas vías públicas municipais, nas mesmas condicións perante o prazo contractual, no procedemento negociado, que no seu día rexeron a contratación actual, recollidas nos pregos de cláusulas Administrativas e Condición técnicas aprobados polo Pleno Municipal de data 15 de outubro de 1989 e posterior convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a UTE “Fomento de Construciones y Contratas, S.A. y Estacionamientos y Servicios, S.A.”, aprobado polo Pleno en sesión 26 de febreiro de 2001.

O prazo da presente contratación será ata o 31 de decembro de 2004 ou ata a data que se produza a adxudicación do concurso para unha nova contratación.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

14.(1329)- RECLAMACIÓN DE D. SERGIO SUAREZ CARREÑO POR DANOS OCASIONADOS NO SEU CICLOMOTOR POR UNHA FOCHA NO TÚNEL DE MARTÍNEZ GARRIDO. ESTIMADA. EXPTE. 14255/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de xestión do Servizo de Patrimonio do 30.09.04, en relación coa reclamación de D. Sergio Suárez Carreño por danos ocasionados ao seu ciclomotor por unha focha no túnel de Martínez Garrido, o informe desfavorable do Consello Consultivo de Galicia de data 7.06.04 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 30.09.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. SERGIO SUÁREZ CARREÑO e indemnizalo coa cantidade de 705,53 euros polos 14 días de baixa impeditiva acreditados no informe da Dirección Provincial de Pontevedra SERGAS, con data 05 de xullo de 2004 e coa cantidade de 417,63 euros polos danos materiais ao seu ciclomotor e á súa cazadora.

2º.- Comunicar o acordo ó Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

15.(1340)- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do Servizo de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as subministracións, servizos e obras foron recibidas e executáronse conforme coas condicións do prego que que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A fianza por importe de 4.921,48 euros a favor de Global Sales Solutions Line, S.L. constituída para responder da prestación do servizo de atención telefónica 010. Expte 400/241.
- b) A fianza por importe de 4.211.60 euros a favor de Temperans of Animals, S.L constituída para responder da prestación do servizo de salvamento e socorrismo en praias. Expte. 399/241
- c) A Sercosa Proyectos e Obras, S.A.:
 - A fianza por importe de 1.141,30 euros constituída para responder das obras de pavimentación da rúa Tui xa que foron recibidas mediante acta de 30.06.03. Expte. 394/241
 - A fianza por importe de 1.836,39 euros constituída para responder das obras de pavimentación da rúa Couto de San Honorato xa que foron recibidas mediante acta de 30.06.03. Expte. 395/241
 - A fianza por importe de 824,69 euros constituída para responder das obras de pavimentación da rúa Manuel Olivie xa que foron recibidas mediante acta de 30.06.03. Expte.396/241
 - A fianza por importe de 813,75 euros constituída para responder das obras de pavimentación da rúa Taboada Leal xa que foron recibidas mediante acta de 30.06.03. Expte. 397/241
 - A fianza por importe de 626,90 euros constituída para responder das obras de pavimentación da rúa Torrente Ballester xa que foron recibidas mediante acta de 30.06.03. Expte. 398/241
- d) A Construccións Crespo, S.A.:
 - A fianza por importe de 4.858,58 euros constituída para responder das obras de mellora de pavimento do Camiño de Fragoselo xa que foron recibidas mediante acta do 10.01.01. Expte. 297/241
 - A fianza por importe de 2.449,73 euros constituída para responder das obras de mellora de pavimento do Camiño de San Marco xa que foron recibidas mediante acta do 20.08.01. Expte. 299/241

- A fianza por importe de 1.223,66 euros constituída para responder das obras de mellora de pavimento do Camiño de Muiños xa que foron recibidas mediante acta do 20.08.01. Expte. 300/241
- A fianza por importe de 1.834,29 euros constituída para responder das obras de pavimentado do Camiño Fonteoscura xa que foron recibidas mediante acta de 31.01.02. Expte. 309/241
- A fianza por importe de 2.353,56 euros constituída para responder das obras de pavimentado do Camiño de Figueiras xa que foron recibidas mediante acta de 31.05.02. Expte. 310/241
- A fianza por importe de 2.517,04 euros constituída para responder das obras de pavimentado da rúa Freiria xa que foron recibidas mediante acta de 30.04.02. Expte. 311/241
- A fianza por importe de 1.437,62 euros constituída para responder das obras de pavimentado da Rúa Igrexa-Valadares xa que foron recibidas mediante acta de 30.08.02. Expte. 312/241
- A fianza por importe de 987,80 euros constituída para responder das obras do lote 1 de reforzo de capa de rodadura en camiños xa que foron recibidas mediante acta de 30.09.02. Expte. 314/241
- A fianza por importe de 546,20 euros constituída para responder das obras do lote 2 de reforzo da capa de rodadura en camiños xa que foron recibidas mediante acta de 30.09.02. Expte. 315/241
- A fianza por importe de 654,20 euros constituída para responder das obras do lote 3 de reforzo de capa de rodadura en camiños xa que foron recibidas mediante acta de 30.09.02. Expte. 316/241
- A fianza por importe de 4.394,52 euros constituída para responder das obras do lote 1 de pavimentado de viais xa que foron recibidas mediante acta de 30.05.02. Expte. 317/241.
- A fianza por importe de 1.279,48 euros constituída para responder das obras do lote 3 de reforzo de rodadura xa que foron recibidas mediante acta de 18.05.03. Expte. 318/241
- A fianza por importe de 2.175,68 euros constituída para responder das obras do lote nº 4 de reforzo de rodadura en viais xa que foron recibidas mediante acta de 20.12.02. Expte. 319/241

- A fianza por importe de 413.60 euros constituída para responder das obras de pavimentación de rúas lote 4 xa que foron recibidas mediante acta de 27.12.03. Expte. 320/241.
- A fianza por importe de 2.240,57 euros constituída para responder das obras de pavimentado da rúa Ponte Segade xa que foron recibidas mediante acta de 31.01.02. Expte. 321/241

16.(1341)- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 17105/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta da proposta da Excma. Alcaldesa, que di o seguinte:

Polo servizo de Mobilidade e seguridade do Concello de Vigo, remiten escrito, coa pretensión de que ante a necesidade de proceder á instalación dos sistemas de seguridade de Tráfico, é necesaria a ampliación do espazo físico para o seu correcto funcionamento, polo que solicitan que por este servizo se realicen os tramites necesarisos, para proceder á ocupación parcial do espazo ocupado pola cafetería, reiterando verbalmente, o concelleiro Delegado do Servizo, que se faga a correspondente proposta, para ser tratada na próxima reunión da Xunta local de Goberno, o día 25 de outubro.

A Comisión de Goberno deste Concello, en sesión celebrada 5 de outubro de 1998, acordou adjudicar o concurso convocado para a instalación e explotación do servizo de cafetería da Casa do Concello a D. José Barral Domínguez, sendo o prazo concesional de trece anos, e satisfacendo na actualidade un canon de 8.232,00 euros.

Á vista da solicitude dos servizos de seguridade, polo arquitecto municipal, mediante un trazo determinou a zona a ocupar, nos planos que se achegan o presente expediente, dos que se desprende que a superficie necesaria a ceder é de 100 m², dun total de 322 m² do local no que se denrola o servizo de cafetería.

Por este servizo de Patrimonio e Contratación, elaborouse informe económico sobre a repercusión no canon que actualmente satisface ó Concello, que segundo o informe económico que se achega, significaría unha redución na cantidade total (8.232,00 euros) de 1917,00 euros, ano, resultando a cantidade anual que debería satisfacer, no caso de levarse a cabo a modificación, de 6.315,00 euros/ano.

Comunicado o adjudicatario sobre a pretensión de modificación do contrato do servizo de cafetería, consistente en cesión de 100m² de superficie por parte do adjudicatario e a consiguiente redución do canon, como contraprestación por parte do Concello, éste con data 11 de outubro de 2004, presenta escrito no Rexistro Xeral no que manifesta a súa conformidade, cúa condición de que a redución do canon debería ser na mesma proporción que a diminución que se produce na superficie dedicada a zona na que se ubican as mesas e cadeiras, segundo o cal, o canon quedaría fixado en 4.132 euros/ano.

A vista do anterior, e ante a urxente necesidade de dispoñer da superficie da superficie polos servizos de mobilidade e seguridade, con destino a incrementar o espacio para o funcionamento da sala de Tráfico, proponse a Xunta Local de Goberno, a adopción do seguinte A C O R D O

1.- Modifica-lo contrato do servizo de explotación da cafetería da Casa do Concello, da que é adxudicatario D. José Barral Domínguez, por acordo da Comisión de Goberno de 5 de outubro de 1998, consistente tal modificación en reduci-lle a superficie destinada o servizo do público usuario, de 100m2.

2.- Como contraprestación a favor do concesionario, reduce-se o canon contractual, que na actualidade está fixado en 8.232,00 euros/ano, quedando fixado en 4.116,00 euros/ano.

3.- As obras que realice o Concello correrán a cargo exclusivamente deste, e os traballos executaranse a partir das 21,00 horas, os días laborais, autorizándose na totalidade da xornada os sábados e domingos.

4.- A administración Municipal, para o suposto de que con motivo das obras se ocasionara algún dano material o resto do local, o seu mobiliario ou elemento existente neste, comprométese o resarcemento íntegro dos que se ocasionen.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

17.(1342)- COBERTURA DO POSTO DE “XEFE DO SERVIZO DE FISCALIZACIÓN” ADSCRITO Á INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL. EXPTE.14897/220.

Antecedentes

Con data 28.06.04 a Xunta de Goberno aprobou a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo vacante de xefe de Servizo de Fiscalización.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local con data 23.09.04 certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo publicado no BOP nº 143 e no DOG nº 173 de datas 27 de xullo e 6 de setembro respectivamente do presente ano, para a presentación de solicitudes do posto de xefe do Servizo de fiscalización, adscrito a Intervención Xeral do Concello de Vigo, presentáronse as seguintes solicitudes: 1.- Luis García Alvarez, 2.- Alberto Tizón Martínez.

Con data 11.10.04 a interventora xeral emite proposta de nomeamento entre os aspirantes presentados.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Interventora Xeral, acorda:

Nomear a D. Alberto Tizón Martín por acreditar maior idoneidade, capacidade e mérito para realizar as funcións da Xefatura do Servizo de Fiscalización da Intervención Xeral.

18.(1343)- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA PROVISION POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE TRASLADOS, DUN POSTO VACANTE DE AXUDANTE TÉCNICO DE ELECTROMECÁNICOS E DUN ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS. EXPTE. 15076/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 19.10.04, que di o seguinte:

Con data 19 de outubro do ano que andamos, as Comisións de selección para provisión polo procedemento de concurso de traslados, dun posto vacante de axudante técnico de electromecánicos e dun enxeñeiro técnico de obras públicas, propoñen á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o posto de traballo vacante de axudante técnico de electromecánicos ao funcionario de carreira do Concello de A Coruña, D. Roberto de la Iglesia Hernández.

2º.- Adxudicar o posto de traballo vacante de enxeñeiro técnico de obras públicas ao funcionario de carreira da Xunta de Galicia, D. Julio Carrasco Rodríguez.

3º.- A toma de posesión dos interesados, farase de conformidade co previsto no apartado noveno das bases de selección, publicadas no BOP con data 12 de xullo de 2004.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

19.(1344)- APROBACIÓN INICIAL DE CAMBIO DE SISTEMA DE COMPENSACIÓN A CONCERTO E DE PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO ENTRE AS RÚAS SAN XOAN DO MONTE E PADRE CELSO. EXPTE. 4408/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 8.10.04, que di o seguinte:

FEITOS

1.- En data 13/04/2004 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

"Primeiro.- Aprobar definitivamente, coas finalidades sinaladas na parte expositiva do presente acordo, a delimitación dun polígono de 3.195,82 m² de superficie, entre as rúas San Xoan e Padre Celso, integrado polas parcelas que seguen: (...). Expte. 4403/401

Segundo.- Aprobar definitivamente a determinación do sistema de compensación como sistema de actuación no polígono delimitado (...)"

2.- No 10/02/2004 o representante da entidade mercantil "Cologa Vigo SL" interpuxo nesta Administración municipal un escrito no que comunicou a súa adquisición da totalidade dos terreos do polígono e solicitou o cambio de sistema de compensación a concerto, así como a simultánea aprobación do correspondente proxecto de equidistribución. Achegou con dito escrito un proxecto asinado polo arquitecto D. David Mahia Castelao.

Mediante sendos oficios de datas respectivas 28/04/2004 e 13/09/2004 requiríuselle á entidade solicitante que aportase nova documentación así como a rectificación de certos extremos do proxecto de equidistribución.

No 05/10/2004 a mercantil "Cologa Vigo SL" presentou nesta Administración municipal a versión final do Proxecto de Equidistribución, formalizada en Escritura outorgada perante o Notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao no 01/10/2004 co número 1.567 do seu protocolo.

Achegou tamén certificacións e notas informativas do Rexistro da Propiedade acreditativas da súa condición de único propietario no devandito polígono.

3.- En data 07/10/2004 o Arquitecto municipal emitiu Informe técnico sobre o proxecto de equidistribución, en senso favorable á súa aprobación inicial.

En resume, dito proxecto ten o seguinte contido:

1.- Ámbito (total):	3.208'00m ²
Propiedades particulares:	3.208'00m ²
Propiedades municipais:	0'00 m ²
2.- Cesión viario:	735'00 m ²
5.- Parcelas resultantes:	2.473'00 m ²
6.- Edificabilidade (a construír):	2.348'691 m ²
7.- Aproveitamento municipal:	234'868 m ² (Parcelas 2 e 3).

A entidade mercantil promotora solicitou tamén a monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, valorándoo en 107.123,25 euros. O Arquitecto municipal, no seu Informe do 07/10/2004 antes citado elevou dita valoración, previa xustificación, ó importe de 157.762,31 euros.

Finalmente sinalar que paralelamente e co núm. de expte. 4507/401 estase tramitando o Proxecto de Urbanización deste ámbito.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- As parcelas incluídas dentro do polígono de referencia pertencen a un único propietario, segundo se deduce da documentación achegada pola entidade mercantil solicitante.

Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto".

Por outra banda, suprimiuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97.

Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do Proxecto de Compensación esixe en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA).

Neste suposto, resulta axeitada e incluso recomendable a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto. Elo permitiría aproba-lo proxecto de equidistribución do propietario único do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.

II.- O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA, requirindo dunha aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local, información pública por 20 días con publicación de anuncio no BOP e aprobación definitiva pola Xunta de Goberno.

Do mesmo xeito, a tramitación do Proxecto de Equidistribución establécese no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que:

"A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva".

III.- Resulta posible acumula-lo procedemento de modificación do sistema de actuación co de aprobación do proxecto de equidistribución, tal e como preceptúa o art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC). Consecuentemente, pode abrirse un único trámite de información pública común para ambos procedementos.

IV.- No que se refire á solicitude de monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, resúltalle de aplicación o art. 177.2 LOUGA, no que se dispoñe que:

"O municipio poderá allear os terreos incluídos no patrimonio municipal do solo, así como substituír a cesión de terreos correspondentes ao 10% do aproveitamento lucrativo por cantidade en metálico, ben mediante os correspondentes instrumentos de equidistribución ou ben mediante convenio, debendo destinar necesariamente os recursos obtidos a algunha das finalidades sinaladas no artigo anterior".

V.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

En virtude do exposto, proponse ó Consello, para que á súa vez lle proponha á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto do polígono delimitado entre as rúas San Xoán do Monte e Padre Celso co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4508/401).

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono de referencia.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de equidistribución do polígono, promovido pola entidade mercantil "Cologa Vigo SA" e redactado polo Arquitecto D. David Mahia Castelao, formalizado en Escritura

Pública outorgada perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao no 01/10/2004, co núm. 1.567 do seu protocolo.

CUARTO: Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra

QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ás entidades mercantís "Cologa Vigo SA" e "Banco Español de Crédito SA".

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

20.(1345)- APROBACIÓN INICIAL DE PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DA U.E. IV-07 MONTECELO ALTO. EXPTE. 4534/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral adscrito ao Servizo de Planeamento e Xestión, do 8.10.04, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado no 29/04/1993, delimitouse o polígono "UE IV-07-Montecelo" entre o remate da rúa Montecelo Alto na Travesía de Vigo, --números 72 a 86-- e a prolongación do vial de nova apertura que enlaza estas dúas rúas, cunha superficie aproximada de 2.000 m²; 300 m² de cesión mínima para zona verde; usos permitidos polas ordenanzas "1.1". e "1.2" e a compensación como sistema de actuación.

2º.- A ordenación deste ámbito remitiuse a un Estudio de Detalle, que se aprobou definitivamente polo Concello-Pleno en sesión do 26/10/1995, logo modificado puntualmente polo posterior Acordo plenario do 26/07/2004 (expte. 8492/411).

3º.- No 29/06/2004, o representante da entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y de Negocios SL" presentou nesta Administración municipal solicitude de modificación do sistema de compensación dese polígono polo de Concerto regulado no art. 150 da nova Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Con dita solicitude achegou tamén un borrador do correspondente proxecto de equidistribución, xunto con copia da escritura de propiedade dos terreos.

En data 02/08/2004 o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento emitiu Informe xurídico ó respecto.

4º.- No 13/08/2004 o representante de "Gestiones Urbanísticas y de Negocios, SL" presentou a versión final do Proxecto de Equidistribución, formalizada en Escritura Pública outorgada no 10/08/2004 perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co núm. 1316 do seu protocolo.

En datas respectivas 26/08/2004 e 27/08/2004 o arquitecto técnico e o letrado municipais emitiron senllos Informes favorables sobre o proxecto de equidistribución.

No 20/09/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o cambio de sistema do polígono de compensación a concerto e acumular dito procedemento co de aprobación do proxecto de equidistribución.

No 26/08/2004, o representante da entidade mercantil promotora da actuación presentou un escrito no que solicitou a monetarización e adquisición do aproveitamento urbanístico adxudicado ó Concello no proxecto de equidistribución.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

As parcelas incluídas dentro do polígono "UE-IV-07 Montecelo Alto" pertencen a un único propietario, segundo se deduce da Escritura pública de agrupación de fincas achegada pola entidade mercantil solicitante, outorgada no 21/04/2004 perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao, co núm. 607 do seu protocolo.

Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto".

A tramitación do Proxecto de Equidistribución regúlase no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que:

"A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva".

No que se refire á solicitude de monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, resúltalle de aplicación o art. 177.2 LOUGA, no que se dispoñe que:

"O municipio poderá allear os terreos incluídos no patrimonio municipal do solo, así como substituír a cesión de terreos correspondentes ao 10% do aproveitamento lucrativo por cantidade en metálico, ben mediante os correspondentes instrumentos de equidistribución ou ben mediante convenio, debendo destinar necesariamente os recursos obtidos a algunha das finalidades sinaladas no artigo anterior".

Unha vez valorado ese aproveitamento urbanístico polos técnicos municipais estudarase a conveñenza ou non de substituílo por cantidade en metálico consonte co preceptuado na lexislación aplicable.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.

En virtude do exposto, propónse ó Consello, para que á súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto de equidistribución da UE "IV-07 Montecelo Alto", promovido pola entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y de Negocios SL", formalizado en Escritura Pública outorgada perante o notario de Vigo D. Mariano Vaqueiro Rumbao no 10/08/2004, co núm. 1.316 do seu protocolo (expte. 4534/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e notificación do contido íntegro deste Acordo ós interesados.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

21.(1346)- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DE PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA A AMPLIACIÓN DA RÚA TELLEIRA EN CASTRELOS. DESESTIMADO. EXPTE. 173/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral adscrito ao Servizo de Planeamento e Xestión, do 7.10.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 05/07/2004 a Xunta de Goberno Local acordou:*

"(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos afectados polo ensanche e urbanización da rúa Telleira en Castrelos, coas valoracións e folia de prezo xusto redactadas polos técnicos municipais en xaneiro de 2004 (expte. 173/413), relativo á seguinte parcela:

NÚM. 1.

Titulares: Dª Luisa Margarita Sobrino Ramilo.

Dª Olga Pompeya Sobrino Ramilo.

Bens: 125 m2 de terreo, traslado portalón, peches e postes.

Valoración (incluído premio afección): 14.402,39 euros

SEGUNDO: Desestima-las alegacións interpostas durante o trámite de información pública por Dª Olga Pompeya Sobrino Ramilo e outros, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.(...)"

No 20/09/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o correspondente Proxecto de Urbanización dese tramo da rúa Telleira (expte. 4472/401).

2.- *No día 17/09/2004 Dª Olga Pompeya Sobrino Ramilo interpuxo un escrito nesta Administración municipal mostrando a súa desconformidade co prezo xusto expropiatorio. No 23/09/2003 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe ó respecto. No 30/09/2003 remitíuse unha copia do expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Pontevedra, ós efectos do disposto no art. 143.7 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).*

3.- *En data 24/09/2004 Dª Olga Pompeya Sobrino Ramilo presentou un Recurso de Reposición contra o anterior Acordo da Xunta de Goberno Local do 05/07/2004 de aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación. Motivou dito recurso en que, na súa opinión, incumpríuse a aliñación do vial fixada directamente no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.*

No 05/10/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe no que fixo constar o seguinte:

"El técnico que suscribe se remite de nuevo a sus informes anteriores, y en concreto al de fecha 11 de junio de 2004 citado por la recurrente. Abundando en los argumentos que contiene el recurso, precisamente la superposición de los planos de la cartografía actual, donde ya figura el edificio nº 246 de la Avda. de Castrelos, con los del PGOU vigente, dicho edificio se ajusta a las alineaciones del planeamiento, definidas en el Acta de Línea y Rasante 2509/412. Las mínimas variaciones que ese sistema pone de manifiesto, inevitables dada las escalas que se manejan, no perjudican en absoluto a la recurrente, sino en todo caso más bien al contrario. (...)".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este recurso de reposición interpúxose en prazo e forma legal, por quen está lexitimada para elo, de conformidade co disposto nos arts. 31, 107 e ss. Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXA-PAC).

O recurso debe ser desestimado, polos motivos que xa sinalou o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas nos seus Informes do 05/10/2004 e 11/06/2004. Neles constátase por unha banda a correspondencia das aliñacións do vixente Plan Xeral do 29/04/1993 coas do ensanche da rúa Telleira, e pola outra que no caso hipotético de que existise algunha discordancia motivada nas distintas escalas empregadas, sería mínima e non prexudicaría á recorrente.

É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 116 LRXA-PAC.

En virtude do exposto, proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestima-lo recurso de reposición interposto por D^a Olga Pompeya Sobrino Ramilo contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xullo de 2004 de aprobación definitiva do proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos afectados polo ensanche e urbanización da rúa Telleira, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo. (expte. 173/413).

SEGUNDO: Notifíquese este Acordo á recorrente, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22.(1347)- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.E. I-01 VILLA LAURA. INADMISIÓN POR EXTEMPORÁNEO. EXPTE. 4342/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral adscrito ao Servizo de Planeamento e Xestión, do 8.10.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 30/04/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

"PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do polígono "U.E. I - 01 VILLALaura", aprobado pola Xunta de Compensación en asembleas do 19/12/2001 e 10/04/2003 (Expte. 4342/401). SEGUNDO: Estima-lo escrito de alegacións interposto por D. Basilio Martínez Serodio (Grupo Espavene, S.L.) no 19/09/2002 (doc. 282830) sobre as fincas resultantes "8.2.a" e "8.2.b". Desestima-los demais escritos de alegacións, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo".

Tamén no 30/04/2003 o Consello da Xerencia acordou:

"PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do polígono U.E. I - 01 VILLALaura ... (Expte. 4291/401). SEGUNDO: Desestima-las alegacións interpostas durante o trámite de información pública, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo. (...)"

2.- No período de información pública aberto durante a tramitación do Proxecto de Compensación, D^a Myriam Buján Garrido interpuxera un escrito de alegacións no nome de D. Camilo Gándara Peña (fols. 181-183 do expte.). Nél limitouse a solicitar un incremento da indemnización prevista pola extinción dun arrendamento de local de negocio. Pero sen precisar a cantidade efectivamente reclamada, nin xustificar outra valoración alternativa. Tampouco aportou proba pericial contradictoria, nin a solicitou.

Por tales motivos, no Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación desestimáronse esas alegacións.

Dito Acordo notificóuselle ó alegante no día 26/05/2003 na forma legalmente establecida, con indicación dos recursos procedentes (Fº 329). Tamén publicouse no DOG núm. 127, do 02/07/2003 e no BOP núm. 129, do 07/07/2003.

Durante o mes seguinte D. Camilo Gándara Peña non interpuxo ningún recurso na vía administrativa. Procedeu a impugnar directamente o Proxecto de Compensación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no recurso cont.-ad. 2/4886/2003. En data 07/06/2004 o Tribunal declarou concluso dito proceso por caducidade do prazo para formula-la Demanda.

3.- Mediante oficio do 10/05/2004 citouse a D. Camilo Gándara Peña para que comparecese na Xerencia Municipal de Urbanismo a fin de recibila correspondente indemnización pola extinción do arrendamento. No 27/05/2004 outorgouse Acta de Pago. Ante a incomparecencia de D. Camilo Gándara Peña, consignouse a indemnización de 81.417,91 euros na "Caja General de Depósitos" do Ministerio de Economía y Hacienda (xustificante núm. 104148430517W).

4.- En data 27/05/2004 D. Camilo Gándara Peña interpuxo na Xerencia de Urbanismo un Recurso administrativo contra o Acordo de aprobación definitiva do mentado Proxecto de Compensación. Sorprendentemente nese recurso non solicitou -como nas súas anteriores alegacións- un incremento do importe indemnizatorio, senón o recoñecemento dun dereito de "realoxo" e "retorno".

Déuselle traslado dunha copia de dito recurso á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalo mediante un escrito presentado no 05/10/2004. Nél xustifícase a necesaria desestimación do recurso polos seguintes motivos:

- Extemporaneidade, por ter sido interposto un ano despois de recibila notificación do Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación. Maiormente considerando que promoveu un recurso xudicial contencioso-administrativo contra o mesmo Acordo, que foi recentemente desestimado.

- A Base de Actuación 21ª da Xunta de Compensación limitouse a reproducir literalmente o preceptuado na disp. adic. 4ª.2ª TRLS-92. Dita disposición foi declarada nula polo Tribunal Constitucional na súa Sentencia 61/1997, do 20 de marzo. Declaración de nulidade que provocou a perda de vixencia desa Base de Actuación.

- No peor dos casos, a devandita Base de Actuación só vencellaría ós arrendatarios das vivendas que constituían a súa "residencia habitual". Nunca ós de locais de negocio, de distinta natureza xurídica e claramente excluídos do ámbito de aplicación desa Base.

- A lexislación aplicable obriga a que a Xunta de Compensación indemnice ós titulares dos arrendamentos que se extingan pola aprobación do Proxecto de Compensación, sen necesidade de gardar ningún vínculo previo co arrendatario.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O Recurso administrativo de referencia debe ser inadmitido por extemporáneo.

Evidentemente non se trata dun "recurso extraordinario de revisión" porque non se funda en ningunha das causas taxadas reguladas no art. 118 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC).

O Recurso motívase unicamente nunha interpretación da Base de Actuación 21ª da Xunta de Compensación de Villalaura. Motivo de impugnación non encuadrable nas causas de "nulidade de pleno dereito" reguladas restrictivamente no art. 62.1 LRXA-PAC, senón, no peor dos casos, nas de anulabilidade (art. 63 LRXA-PAC).

En consecuencia, o Recurso só pode ser calificado como de "Reposición", de acordo co disposto no art. 110.2 LRXA-PAC.

Pois ben, dito recurso resulta manifestamente extemporáneo. Interpúxose unha vez transcorrido un prazo moi superior a un mes dende a data de notificación ó recorrente dos Acordos de aprobación definitiva dos proxectos de compensación e urbanización da UE I-01 Villalaura (art. 117 LRXA-PAC). Notificación practicada en legal forma no día 26/05/2003, no mesmo enderezo que figura a estes efectos no propio Recurso que agora se inadmite. Por outra banda, o interesado recoñeceu ter recibido dita notificación cando interpuxo perante o TSXG o recurso contencioso-administrativo antes citado. Recurso que por certo foi recentemente desestimado.

Por conseguinte, a inadmisión do recurso que agora se examina resulta obrigada, como considerou o propio TSXG na súa Sentencia núm. 917/2001, do 24/05/2001, dictada no recurso cont.-ad. 2/6234/1997 nun suposto similar acaecido en Vigo.

Tamén o Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo recoñeceron a natureza preclusiva e improrrogable do prazo para interpor recursos administrativos en numerosas Sentencias en casos parecidos, entre as que se pode citar deste último (Sª 3ª), a modo de exemplo, as 04/10/2000 (Arz. 8453), 02/03/2001 (relator: Sr. Yagüe Gil), 03/07/2000 (Arz. 6243), 13/06/2000 (Arz. 6390), 02/11/2000 (Arz. 9702 e 9430), 20/11/2000 (Arz. 10492), así como as do TSXG do 24/12/1997 e 11/11/1994.

É competente para adoptalo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, ó recaer sobre ela a competencia para aprobar ou revoga-los acordos impugnados consonte co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, proponse ó Consello, para que lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Inadmitir por extemporáneo o recurso interposto por D. Camilo Gándara Peña en data 27/05/2004 contra os Acordos do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 30/04/2003 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación e Proxecto de Urbanización da UE I-01 Villalaura, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (Expte. 4342/401).

SEGUNDO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ó recorrente e xunta de compensación, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23.(1348)- PROXECTO DE MELLORAS DE ALUMEADO E BARREIRAS DE SEGURIDADE N-120, PK.662,0 AO 667,4, TRAMO: VIGO, PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. EXPTE. 961/400.

Antecedentes

Con data 3.08.98 o Pleno do Concello de Vigo aprobou unha moción formulada polo concelleiro delegado de Infraestructuras e Obras, Sr. Comesaña Rial, sobre interesarse da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia a instalación de alumeado público nun tramo da autovía Vigo-Porriño, co compromiso expreso de que o Concello asumirá dende a súa recepción os gastos subseguintes de utilización, conservación e mantemento.

A Dirección Xeral de Estradas en resolución de data 25.02.03 aproba o proxecto de clave: 36-PO-3120 “Melloras de alumeado e barreiras de seguridade. CN-120, p.k. 662,0 ao 667, 4, tramo: Vigo-Provincia de Pontevedra”; e con data 21.06.04 unha resolución complementaria.

No BOE de 20.07.04 anunciase a licitación do contrato da devandita obra, cun presuposto de 1.775.724,31 €.

Con data 26.07.04 ten entrada no Rexistro Xeral escrito da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia (nº doc. 40078269, rexistro de entrada de 26 de xullo de 2004) comunicando a licitación de ditas obras, remitindo copia do proxecto aprobado definitivamente e recordándolle ao Concello de Vigo o compromiso expreso, adoptado polo Pleno da Corporación de 3.08.98, de asumir dende a súa recepción os gastos subseguintes de utilización, conservación e mantemento.

Con data 18.08.04 o director dos Servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo solicita informe sobre os aspectos relacionados co alumeadado cuxa conservación e mantemento serán atendidos por este Concello, ao enxeñeiro xefe do departamento de Electromecánicos, que foi emitido con data 8.09.04 co seguinte texto:

Analizada a documentación correspondente ao expediente de referencia sobre o proxecto de Iluminación cuia conservación e mantemento serán atendidos por este Concello, esta Oficina Técnica comunica, que deberán emendarse as seguintes deficiencias:

- *Os centros de mando que se instalen deberán de ter as características especificadas na Ordenanza Municipal de Alumeadado.*

Estará formado por:

Unidade de medida

Unidade de protección e mando

Unidade estabilizadora-reductora de tensión

Unidade de comunicacións

Estará fabricado en chapa de aceiro inoxidable de 2 mm de espesor segundo norma AISI 304 ou calidade superior, pintado con pintura antiadherente e antigraffiti no RAL 6.005 en acabado mate.

Os centros de mando instalaranse sobre unha bancada de formigón H-200, a cal irá acondicionada nas superficies vistas de acordo co entorno (forrada de pedra, pintada, etc.) a unha altura mínima sobre a rasante do chan de 40 cm., e dimensións 1394x500cm.

- *As dimensións e especificacións das gabias seguirán as directrices da Ordenanza Municipal de Alumeadado.*
- *Os tubos serán de polietileno con dobre parede (corrugada exterior, lisa interior), segundo norma UNE EN 50086.2.4. O diámetro dos mesmos será de 110 mm. A conexión co báculo será co mesmo tubo pero de diámetro 63 mm.*
- *As dimensións das bases de formigón, soporte das columnas serán como mínimo 0,80 x 0,80 x 1,20. Os dados deberán sobresaír 25 mm., sobre o nivel da rasante. O formigón a utilizar será de tipo H-250.*
- *As dimensións dos porlóns serán:*

<i>H</i>	<i>12 m</i>
<i>L</i>	<i>900 mm</i>
<i>φ</i>	<i>24 mm</i>
<i>r</i>	<i>130 mm</i>
<i>b</i>	<i>200 mm</i>
<i>c</i>	<i>450 mm</i>
<i>d</i>	<i>285 mm</i>
<i>e</i>	<i>816 mm</i>

Sendo:

H= altura báculo

L = lonxitude do porlón.

φ = diámetro do porlón.

r = lonxitude do roscado do porlón.

b = distancia dende a parte baixa do porlón ó zunchado inferior.

c = distancia do zunchado inferior ó superior .

d = distancia entre centros dos porlóns.

e = distancia da parte superior ó centro de curvado.

- *As acometidas a luminarias realizarase dende a caixa de derivación a pé da columna, mediante conductor flexible de 3x2'5 mm² de sección que inclúe fase, neutro e conductor de protección para a posta a terra da luminaria. Será de 0'6/1 kV de tensión de servizo con illamento de polietileno reticulado e cuberta exterior de PVC.*
- *A normativa eléctrica a empregar será o Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto e actuacións posteriores, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión e Instrucións Técnicas Complementarias.*

O director dos Servizos Técnicos da Xerencia de Urbanismo, á vista do precedente informe emite a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

En contestación ao asunto da Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia (nº doc. 40078269, rexistro de entrada de 26 de xullo de 2004) en relación coa licitación das obras do proxecto, cuxa clave é 36-PO-3120, sobre “Melloras de iluminación e barreiras de seguridade N-120, pk 662,0 ó 667,4. Tramo: Vigo, provincia de Pontevedra” acompáñase o informe que a tal efecto remite o Sr. Enxeñeiro Industrial Municipal, de 8 do presente mes, á vez que se fai patente o feito de que ao tratarse dun proxecto redactado no ano 1998, a documentación gráfica reflectida nos planos non corresponde fielmente á situación actual polo que, como é lóxico, recordamos que a obra a realizar terá en conta este extremo.

Así pois, á vista das obras descritas no proxecto e considerando que se trata dunha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público e que a documentación que compón o proxecto deixa suficientemente definido o mesmo, se propón:

Prestar conformidade ao mesmo, facendo patente as particularidades que constan nos informes máis arriba reseñados.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

Prestar conformidade ao proxecto, cuxa clave é 36-PO-3120, sobre “Melloras de iluminación e barreiras de seguridade N-120, pk 662,0 ó 667,4. Tramo: Vigo, provincia de Pontevedra, facendo patente as particularidades que constan nos informes máis arriba reseñados.

24.(1349)- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAV.
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0442823	3.500,00	2.003,86	1.496,14	
BERNARDEZ GIL SELA	0438800	6.000,00	5.890,63	109,37	
CABRERA RIANDE JORGE	0424961	120,00	119,93	0,07	
DIAZ DE BUSTAMANTE MARIA PILAR	0436375	400,00	398,84	1,16	
DIZ FREITAS MILAGROS	0427550	1.000,00	77,94	922,06	
DOMINGUEZ LOPEZ GUILLERMO	0437048	250,00	249,60	0,40	
ESPADA RE CAREY LUIS	0435204	500,00	436,56	63,44	
“	0434955	6.000,00	5.769,60	230,40	
“	0440801	12.000,00	9.347,20	2.652,80	
ESTRADA IBAÑEZ SONIA	0433845	556,90	583,88		26,98
IGLESIAS CARRERA JOSE MANUEL	0436909	51,09		51,09	
LOPEZ MOURE JESUS	0435922	3.944,00	3.944,00		
OJEA PEREZ IGNACIO	0427547	4.699,82	4.699,82		
ROCHA PARAMES CESAREO	0435155	300,00	330,69		30,69
SANLUIS COSTAS AVELINO	0427654	4.000,00	3.370,16	629,84	
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0433146	13,01	13,01		
TOTAL			37.235,72		

25.(1350)- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE SALDOS PENDENTES DE COBRO DO PRESUPUESTO DE INGRESOS (EXERCICIOS PECHADOS) CORRESPONDENTES A SUBVENCIONES E LIQUIDACIONES. EXPTE.9/2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Xefe de Contabilidade, do 5.10.04, conformado pola interventora e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

Anular os saldos pendentes de cobro do Presupuesto de Ingresos (exercicios pechados), polos importes e conceptos seguintes:

<u>PRESUPUESTO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>SUBVENCIÓN</u>	<u>IMPORTES EUROS.</u>
2002	45103	Rehabilitación infrav. Rural	31.746,13

26.(1351)- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 1191/336.

Mediante escrito de data 15.10.04 a concelleira delegada de Xuventude, de conformidade co establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento para o ano 2004, dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratos menor autorizados durante o ano 2004, que son os seguintes:

Expte: 1081-336	Asunto: Servicio asesoramento europeo	Data decreto: 12/05/04
Operación: RC 24565	Adxudicatario: A.X. Abertal	Importe: 2.600 €
Expte: 1086-336	Asunto: Noites Vivas no mes de maio	Data decreto: 14/05/04
Operación: RC 24760	Adxudicatario: Tasoga S.L.	Importe: 10.602,18 €
Expte: 1089-336	Asunto: Dia do Mozo	Data decreto: 20/05/04
Operación: RC 25456	Adxudicatario: Varios	Importe: 5.100 €
Expte: 1096-336	Asunto: Programa "Castroexpresión"	Data decreto: 02/06/04
Operación: RC 26915	Adxudicatario: Algalia S. Coop Galega	Importe: 6.960 €
Expte: 1097-336	Asunto: Tirolina, rocódromo e rappel	Data decreto: 02/06/04
Operación: RC 26918	Adxudicatario: Pluspots S.L.	Importe: 6.455,4 €
Expte: 1098-336	Asunto: Convenio Plan Comunitario Teis	Data decreto: 05/08/04
Operación: AD 36526	Adxudicatario: Plan Comunitario Teis	Importe: 9.612 €
Expte: 1113-336	Asunto: Convenio ca AA.VV. Dr. Fleming	Data decreto: 05/08/04
Operación: AD 36525	Adxudicatario: AA.VV. Dr. Fleming	Importe: 5.800 €
Expte: 1124-336	Asunto: Veranxove 2004	Data decreto: 01/07/04
Operación: RC 32252	Adxudicatario: Varios	Importe: 12.000 €
Expte: 1131-336	Asunto: Publicidade de campionatos	Data decreto: 13/07/04
Operación:	Adxudicatario: Varios	Importe: 2.000 €
Expte: 1133-336	Asunto: Educación sexual	Data decreto: 24/08/04
Operación: RC 39290	Adxudicatario: Grupo Estudios Alecrín	Importe: 5.600 €

A Xunta de Goberno queda enterada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

27.(1352)- PROPOSTA PARA INCOAR EXPEDIENTE INFORMATIVO Á ASOCIACIÓN DE VENDEDORES E COMERCIANTES DO MERCADO MUNICIPAL DO PROGRESO. EXPTE.17119/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 20.10.04, que di o seguinte:

Trala entrada en vigor do contrato para a xestión e explotación do Mercado Municipal do Progreso, en réxime de concesión administrativa, concertado por esta administración coa Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso, constatouse por medio de diversos escritos e informacións surxidas en diversos medios de comunicación, unha situación de conflito no ámbito do propio mercado, no que concorreron manifestacións por parte dos ocupantes dos postos, denuncias dos usuarios, peche de postos, demandas xudiciais, etc..

Por outra banda o pasado día 15, a Asociación concesionaria do servizo, presenta escrito ante esta administración no que ven a denunciar a actual situación do mercado imputandoa aos titulares dos postos deste e membros da Asociación de Empresarios Autonomos do mercado do Progreso, e no que manifesta que de non solventarse en breve prazo a situación actual existente verase obrigada a adoptar a medida de suspensión temporal da actividade do mercado municipal do Progreso ata que non se regularice dita situación.

Considerando que no presente caso o contrato suscrito ten por obxeto a xestión indirecta baixo réxime concesional da prestación dun servizo público esencial conforme ó disposto na Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, prestación que se pode ver gravemente afectada en caso da adopción da medida de suspensión anunciada pola concesionaria.

Considerando que esta administración como titular do citado servizo público ostenta entre outras as facultades fiscalizadoras, inspectoras e, chegado o caso, interventoras sobre o citado servizo, consonte o previsto no Regulamento de Servizos de Corporacións Locais, Lei de Contratos do Estado e demais normativas de aplicación. Procedería, a teor do que antecede, a apertura dun expediente informativo á concesionaria do servizo público para coñecemento do estado actual de xestión do servizo público en cuestión e de execución do contrato suscrito coa mesma.

Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.f da Lei 7/85 RBRL, trala súa nova redacción introducida por Lei 57/2003 de Modernización do Goberno Local.

En mérito ó que antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Incoar expediente informativo á Asociación de Vendedores e Comerciantes do Mercado Municipal do Progreso como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do mercado municipal do Progreso, ó obxecto da fiscalización da xestión e funcionamento do devandito servizo público durante o período que leva transcorrido de vixencia do contrato.

2º.- Outorgar á concesionaria, Asociación de Comerciantes y Vendedores do Mercado do Progreso, un prazo de QUINCE DIAS a partir do seguinte á notificación do presente acordo, para que teña vista do expediente y poida formular as alegacións e presentar documentación que na defensa dos seus dereitos teñan por conveniente.

3º.- Requerir á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso para que no prazo anteriormente outorgado presente ante esta administración informe detallado dos datos e resultados da xestión realizada dende a data de suscripción do contrato concesional á actualidade, nos seus aspectos xurídicos-contractuais, económicos e financeiros, aportando a documentación acreditativa da mesma, en concreto sobre as seguintes cuestións:

- a) Impago de cuotas por ocupantes de postos e locais do mercado: Requerimento efectuado pola concesionaria para o pago e do incumplimento do obrigado ó mesmo.
- b) Estado actual de ingresos e gastos da concesionaria na xestión do mercado, e copia adverada dos contratos suscritos por ésta para a prestación dos distintos servizos e suministros do mercado.
- c) Relación dos postos e locais que na actualidade se atopan baleiros sen adxudicación para súa explotación.
- d) Informe dos medios financeiros con que conta a concesionaria para a execución do contrato nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba proposta contida no precedente informe.

28.(1353)- PROXECTO DE CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A CONCELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS DO CONCELLO DE VIGO E XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO PARA ACTIVIDADES CULTURAIS. EXPTE. 8468/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 18.10.04, conformado polo xefe do Servizo de Cultural, o concelleiro de Asuntos Sociais, a interventora xeral e a conformidade xurídica de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Xuventudes Musicais de Vigo CIF.: G-36893758, para a organización da 62ª Convocatoria do Concurso Permanente de Xovenes Interpretes "Memorial Xavier Montsalvatge" que terá lugar no Conservatorio Superior de Música de Vigo os días 28, 29, 30 e 31 de Outubro de 2004.

2º.- Autorizar un gasto de 1.400 € (mil catrocentos euros), para o patrocinio de actividades culturais 2004 de Xuventudes Musicais de Vigo CIF.: G-36893758 con cargo á partida 4510.489.00.00 “Transferencia a empresas sen ánimo de lucro” do vixente presuposto municipal.

3º.- Autorizar ao Concelleiro-Delegado de Cultura para asinar o convenio Xuventudes Musicais de Vigo.

PROXECTO DE CONVENIO DE PATROCINIO ENTRE A CONCELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS DO CONCELLO DE VIGO E XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO PARA ACTIVIDADES CULTURAIS”.

En Vigo, de 2004

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ignacio López Chaves na súa calidade de Concelleiro de Asuntos Sociais do CONCELLO DE VIGO e en representación desta administración municipal, con CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, da cidade de Vigo, CP 36202.

Doutra parte, D. Manuel Francisco Álvarez González, na calidade de representante legal da Asociación non lucrativa XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO, con domicilio social na rúa García Barbón, 30 –4º oficina 7 da cidade de Vigo, que no sucesivo denominarase “XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO”.

MANIFESTAN

A Concellería de Cultura do Concello de Vigo pretende o potenciamento da actividade cultural da cidade, para o que ven desenvolvendo diversos programas que contribuen á análise do fenómeno cultural, nas súas máis diversas manifestacións.

Xuventudes Musicais presenta un proxecto de programa cultural que resulta adecuado para a liña de programación que ten impulsado a concellería de Cultura nestes catro últimos anos. O proxecto consiste na organización da 62ª Convocatoria do Concurso Permanente de Xovenes Interpretes “Memorial Xavier Montsalvatge” que terá lugar no Conservatorio Superior de Música de Vigo os días 28, 29, 30 e 31 de Outubro de 2004..

Xuventudes Musicais é unha organización sen ánimo de lucro que pretende difundir a través da organización destas xornadas os valores da música en tódolos seus ámbitos, e está disposta a colaborar co Concello de Vigo naquelas actividades relacionadas cos seus obxectivos.

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto o patrocinio da organización da 62ª Convocatoria do Concurso Permanente de Xóvenes Interpretes “Memorial Xavier Montsalvatge” que terá lugar no Conservatorio Superior de Música de Vigo os días 28, 29, 30 e 31 de Outubro de 2004..

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral do proxecto ascende a 33.000 € (trinta e tres mil euros), IVE incluído, segundo os datos que aporta XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO para dar cobertura ó seguinte concepto: organización da 62ª Convocatoria do Concurso Permanente de Xóvenes Interpretes “Memorial Xavier Montsalvatge” que terá lugar no Conservatorio Superior de Música de Vigo os días 28, 29, 30 e 31 de Outubro de 2004.

O Concello de Vigo realizará unha aportación a XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO de 1.400 € (mil catrocentos euros) con cargo á partida 4510.489.00.00 “Transferencia a empresas sen ánimo de lucro” do vixente presuposto prorrogado municipal. O pagamento da antedita aportación realizase unha vez finalizado o concurso e previa presentación no Rexistro Xeral da factura coa conformidade dos servizos municipais e certificación de cumprimento das obrigas de XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO establecidas neste convenio.

TERCEIRA.- Calendario do proxecto.

O Concurso Permanente de Xóvenes Interpretes “Memorial Xavier Montsalvatge” terá lugar no Conservatorio Superior de Música de Vigo os días 28, 29, 30 e 31 de Outubro de 2004.

CUARTA.- Obrigas da entidade colaboradora.

- a) XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO asume as seguintes obrigas na organización da 62ª Convocatoria do Concurso Permanente de Xóvenes Interpretes “Memorial Xavier Montsalvatge” que terá lugar no Conservatorio Superior de Música de Vigo os días 28, 29, 30 e 31 de Outubro de 2004, en particular os seguintes aspectos:
- ✓ Selección dos participantes no concurso, organización das viaxes, estancias e dietas dos finalistas.
 - ✓ Selección e atención membros do xurado, organización das viaxes, estancias e dietas dos membros.
 - ✓ Atención ó público asistente os concertos.
 - ✓ Entrega dos premios por cuantía de 17.700 euros.
 - ✓ Agasallos os membros do xurado.
 - ✓ Difusión do material informativo sobre os participantes no concurso e sobre os membros do xurado, curriculums e programas a interpretar polos concursantes no concurso.
 - ✓ Difusión e comunicación sobre as actividades: edición, distribución e/ou instalacións, de folletos, carteis, dossiers, rotulacións; etc. Información ós medios de comunicación en coordinación coa concellería de Cultura.
 - ✓ Incluí-lo logotipo da Concellería de Cultura en tódalas publicacións e material de difusión das xornadas.
 - ✓ Procura-lo financiamento complementario do custo dos programas.
 - ✓ Contrata-lo persoal auxiliar necesario para a organización e desenvolvemento das actividades e para a adecuada atención os participantes e máis o público.
 - ✓ Asumilos gastos derivados dos parágrafos anteriores.
- b) Resolver con carácter xeral calquera detalle organizativo que non estea expresamente asumido polo Concello de Vigo.
- c) Cumpri-lo programa obxecto deste convenio segundo o proxecto detallado no Anexo; comunicando á Concellería de Cultura os cambios que se poideran producir no momento en que se teña noticia deles co obxecto de recaba-la conformidade da Concellería de Cultura coas modificacións.
- d) Presentar no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 10 días seguintes a súa finalización. Como mínimo, a memoria incluírá os datos de participación, os detalles do desenvolvemento das actividades do concurso, a memoria de prensa e medios de comunicación, un rexistro fotográfico ou audiovisual, o balance económico con detalle de gastos e ingresos.

QUINTA.- Obrigas do Concello de Vigo-Concellería de Cultura.

Realiza-lo pagamento de 1.400 € (mil catrocentos euros) da aportación municipal ó proxecto a través da conta 2080 0000 75 0040081813 da que é titular XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO G-36893758, trala presentación da memoria e das facturas orixinais xustificativas dos gastos, conformidade dos servicios municipais e certificación de cumprimento das obrigas correspondentes a XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO establecidas neste convenio.

SEXTA.- Mecanismos de coordinación ou actuación conxunta. Unidade xestora.

A xestión deste convenio corresponderalle á unidade de Cultura do Concello de Vigo e o seu seguimento realizarase por unha comisión mixta integrada por: o Concelleiro de Cultura, o xefe do departamento de Cultura e dúas persoas designadas por XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO.

SÉTIMA.- Difusión.

A produción de material gráfico relacionado coa difusión da publicación serán asumidas integramente por XUVENTUDES MUSICAIS DE VIGO. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Cultura e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería de Cultura figurará debidamente nos soporte publicitario que se produza, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía aportada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería de Cultura.

OITAVA.- Incumprimentos.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio para a entidade colaboradora significará a cancelación do pagamento pendente, mesmo o reintegro do que xa se tiveran aboado polo Concello.

En calquera caso a cancelación dalgunha das actividades ou servicios previstas no programa producirá o desconto íntegro do seu custe ou da parte proporcional que corresponda.

NOVENA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a data de conformidade da Concellería de Cultura coa realización do proxecto; sempre antes do 31 de decembro de 2004. Este convenio non é prorrogable.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención, cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de sigluciona-las diferencias.

DÉCIMA.- Resolución de controversias e desenvolvemento.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro de Cultura queda facultado para adopta-las medidas que contribúan ó cumprimento e desenvolvemento deste convenio.

En proba de conformidade asinan, por triplicado exemplar, o presente convenio na data xa indicada.

29.(1354)- RENUNCIA DUNHA BECARIA EN PRÁCTICAS DA CONCELLERÍA DE TURISMO. EXPTE. 1479/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 21.10.04, que di o seguinte:

Con data 27 de setembro a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adxudicar catro bolsas para a realización de prácticas en oficinas e servizos de información turística para o período outubro 2004-maio 2005.

Entre as catro candidatas que acadaron maior puntuación e que resultaron seleccionadas figuraba Doña María Xosé García Oliveira que, consecuentemente, comezou a práctica profesional o día xxx de outubro.

Con data 21 de outubro de 2004, a adxudicataria da beca, Dona María José García Oliveira, con D.N.I. 53.183.029-Z, presenta a súa renuncia voluntaria polo Rexistro Xeral do Concello, dado que lle foi ofrecido un posto de traballo.

A cláusula octava das bases da convocatoria, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 23 de agosto, establecen que “no caso de que, unha vez adxudicadas as bolsas de estudos, xurdisen renuncias, adxudicáraselle automaticamente a axuda ó/á seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas”.

Por este motivo, chamouse a participar da beca vacante á primeira suplente por orde de puntuación, ANA SACARRERA LOPEZ, con D.N.I. 36.155.159-X, quen manifesta a súa disponibilidad para aceptar a bolsa de formación en prácticas.

Por todo o antedito, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Dar conta da renuncia presentada por Dona María José García Oliveira á beca de formación en prácticas da Concellería de Turismo, significando que realizou as súas prácticas no período comprendido entre os días 1 e 22 de outubro, ámbolos dous inclusive.

2.- Nomear como titular da bolsa para a realización de prácticas nas oficinas de información e servizos turísticos a Dona ANA SACARRERA LOPEZ, con DNI: 36.155.159-X, en substitución da titular que presentou a súa renuncia por escrito, dado que se trata da primeira suplente por orde de puntuación.

3.- Dar traslado deste acordo á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal ós efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

30.(1355)- ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 5958/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 12.07.04 aprobou o expediente de contratación por concurso dos servizos de Xestión da Escola Municipal de Teatro do Concello de Vigo.

Con data 29.09.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado no DOG nº 166 e no BOP nº 178 de datas 26 de agosto e 14 de setembro respectivamente do presente ano, presentáronse as seguintes ofertas: 1) M^a Isabel González Muñoz, 2) Xulio González Lorenzo, 3) María Consuelo Pampillón Alonso, 4) Fervellos C.B., 5) Escena Turística S.L., 6) Asociación cultural Ailala, 7) Imaxinería S.L.

A Mesa de Contratación e sesión do 4.10.04 procedeu á apertura da documentación presentada, pasándo as ofertas admitidas a informe do Servizo de Educación, que foi emitido por unha comisión de avaliación constituída a tal efecto, con data 15.10.04, que propón a adxudicación a Imaxinería S.L.

Con data 18.10.04 a Mesa de Contratación formula a proposta de adxudicación que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Imaxinería S.L. os lotes 1, 2, 3 e 4 do concurso para a Xestión da Escola Municipal de Teatro do Concello de Vigo por un prezo respectivo de 10.505 €, 15.812 €, 10556 € e 11828 €. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 12.07.04 e a oferta presentada.

31.(1356)- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.